



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO
ALCALDE DO CONCELLO DE
PORTO DO SON
FAI SABER:**

A

Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade, organiza o programa de **Xuntos polo Nadal**, para a promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

Este programa, consiste en pasar as datas de Nadal na Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán), levarase a cabo entre **os días 22 e 29 de decembro de 2021 ou entre o 31 de decembro do 2021 e o 7 de xaneiro do 2022** e comprende os seguintes **servizos**:

N

- Estancia na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús desde os lugares establecidos (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.

D

Prezo da praza:

As persoas participantes asistirán de balde ao programa.

Requisitos:

O

- a) Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Estar empadroado nalgún concello galego.
- c) Vivir só/a no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d) Valerse por si mesma/o e non padecer enfermidade con risco de contaxio nin trastornos mentais ou de conduta non compensados que poidan alterar a convivencia.
- e) Estar vacinada/o fronte o COVID-19.

SOLICITUDES: Ata o 15 de novembro do 2021, no departamento municipal de Servizos sociais (Tfno. 981.86.74.14)

Porto do Son, 28 de outubro do 2021

O Alcalde

Asdo) José Luis Oujo Pouso

